



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 3 DE
MARZO DE 2011**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde,

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ,

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde

DNA. ISABEL RUÍZ FERRO

Concelleira
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO
Concelleiro.

NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro non adscrito
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro non adscrito

FALTA:

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR
Concelleiro do PP

SECRETARIA

DONA MARTA CAJIDE BARBEITO

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas do día tres de marzo de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a secretaria.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, RELATIVO Á PROPOSTA DA COMISIÓN DE HÉRÁLDICA DA XUNTA DE GALICIA DE ESCUDO E BANDEIRA DO CONCELLO DA ESTRADA EN BASE AO DECRETO 19/2010, DE 11 DE FEBREIRO.
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, RELATIVO Á APROBACIÓN DA BASES REGULADORAS DO PREMIO DE NOVELA “MANUEL GARCÍA BARROS”.
3º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, RELATIVO Á APROBACIÓN DA BASES REGULADORAS DO PREMIO DE POESÍA “AVELINA VALLADARES”.

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL.-

4º.-	DACIÓN DE CONTA E TOMA DE RAZÓN DOS INFORMES DE 17-11-10 E 08-02-11 DA TESOURERÍA MUNICIPAL EN RELACIÓN AO PREVISTO NO ARTIGO 4º, APARTADO 3, DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.
5º.-	DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE DECEMBRO DE 2010.
6º.-	DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE XANEIRO DE 2011
7º.-	ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, RELATIVO Á PROPOSTA DA COMISIÓN DE HERÁLDICA DA XUNTA DE GALICIA DE ESCUDO E BANDEIRA DO CONCELLO DA ESTRADA EN BASE AO DECRETO 19/2010, DE 11 DE FEBREIRO. Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Cultura celebrada en data 24 de febreiro de 2011 que transcrito literalmente di:

“3.- Aprobación da proposta da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia de escudo e bandeira do Concello da Estrada en base ao Decreto 19/2010 de 11 de febreiro.

Tras breve debate a Comisión de Cultura acorda por 5 votos a favor, de PSdeG-PSOE, BNG, José Antonio Torres Álvarez e José Manuel Reboredo Baños, e 2 abstencións do PP informar favorablemente ao Pleno para que se aprrobe o escudo e bandeira do Concello da Estrada segundo a proposta da Comisión Heráldica da Xunta de Galicia.”

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º.- Aprobar como escudo e bandeira oficiais do Concello da Estrada as propostas enviadas pola Comisión de Heráldica da Dirección Xeral de Administración Local – Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, coas seguintes descrições:

Escudo da Estrada: En campo de sinople ponte de ouro de seis ollos sobre ondas de prata e azur, defendido por unha torre de ouro donxonada, mazonada de sable e aclarada de gules; en xefe encaixado de prata de cinco puntas altas cargado dunha estrela de ouro de oito puntas perfilada de sable da que pende un raio do mesmo; bordura de ouro cargada dunha cuncha de vieira de prata perfilada de sable posta en punta: adestrada dunha póla de palma de sinople, e sinistrada dunha póla de carballo de sinople froitada de gules, que ascenden ata o xefe. Ao timbre coroa real cerrada.


A ponte sobre ondas representa: a impronta medieval no municipio e a denominada “Ponte Vea” sobre o río Ulla; xunto coa concha de vieira da bordura simboliza tamén o Camiño de Santiago e, por último, o topónimo de “A Estrada”. A torre alude ás torres de Guimarei (en San Xiao de Guimarei), ao pazo de Oca (en Santo Estevo de Oca), á desaparecida Torre da Barreira e ao sistema señorial que durante séculos dirixiu a vida social no municipio; a estrela evoca a pasada pertenza señorial á diocese de Santiago; o encaixado alude aos principais montes do termo municipal (Cregos, Baiuca, A Rocha, O Cádavo, Mámoa do Boi Morto, Cima da Rega, Monteagudo, Marco Frende, Curato, Frades, Oca e Castro); a póla de palma é un símbolo xurisdiccional extraído dos selos matriciais exhibidos pola Alcaldía local dende o ano 1840; e, a póla de carballo dende o ano 1928 foi incluído na simboloxía local en substitución dunha das pólas de palma e representa na actualidade a riqueza forestal do municipio e o seu entorno rural.

Bandeira da Estrada: Pano terzado en banda de: vermello ao batente; brano ao centro cunha torre de amarelo donxonada, mazonada de negro e aclarada de vermello e de verde á hasta.

A banda de branco representa: o topónimo de “A Estrada” e o Camiño de Santiago; a torre alude ás torres de Guimarei (en S. Xiao de Guimarei), ao pazo de Oca (en Sto. Estevo de Oca), á desaparecida Torre da Barreira e ao sistema señorial que durante séculos dirixiu a vida social no municipio; o pano de vermello simboliza o esforzo

das súas xentes e os froitos da terra; e o verde é a cor da súa riqueza agrícola, forestal e ambiental.

2º.- Aprobar como bandeira e escudo oficiais do Concello da Estrada a proposta enviada pola Comisión de Heráldica da Dirección Xeral de Administración Local – Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, cos seguintes deseños:



3º.- Proceder á publicación no Diario Oficial de Galicia dos modelos de escudo e bandeira co fin de que se proceda á súa exposición pública, outorgando o prazo dun mes para presentar alegacións. De non producirse alegación ningunha, entenderase por firme o presente acordo e procederase ao seu envío á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a súa aprobación definitiva polo Consello da Xunta de Galicia.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, RELATIVO Á APROBACIÓN DA BASES REGULADORAS DO PREMIO DE NOVELA “MANUEL GARCÍA BARROS”. Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Cultura celebrada en data 24 de febreiro de 2011 que transcrito literalmente di:

“2.- Bases do Premio de Novela “Manuel García Barros”

A Comisión de Cultura acorda por unanimidade informar favorablemente ao Pleno para a aprobación das seguintes bases:

O Excmo. Concello da Estrada, sensible co proceso cultural de Galicia, entende que un dos bens máis prezados desta Comunidade é o da creación literaria, aspecto de salientable significación no marco da Lingua e da Cultura, que redonda nun amplo desenvolvemento da propia identidade. Neste marco de referencia enténdese que calquera estímulo positivo facilita e posibilita unha mellora no eido da Literatura e é polo que así entendido, no proceso de normalización cultural, crea: O PREMIO DE NOVELA “MANUEL GARCÍA BARROS” (KEN KEIRADES). Ademais, deste xeito, quere testemuñar a admiración e respecto e manter a presenza do ilustre académico e galeguista DON MANUEL GARCÍA

BARROS, mestre e fillo deste Concello, contribuíndo así ao espallamento da súa persoa e máis a importante achega que a súa obra fixo ás Letras Galegas.

O Excmo. Concello da Estrada en colaboración coa Presidencia da Xunta de Galicia por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Editorial Galaxia convoca o XXIII PREMIO DE NOVELA “MANUEL GARCÍA BARROS” (KEN KEIRADES), cunha dotación económica de 9.000 euros, que se rexerá polas seguintes:

BASES XXIII PREMIO DE NOVELA “MANUEL GARCÍA BARROS”

PRIMEIRA

Poderán concorrer ao premio todos os autores e autoras de calquera nacionalidade que presenten os orixinais escritos, acordes coa normativa oficial vixente en lingua galega. Os textos presentados deberán ser inéditos e totalmente orixinais.

SEGUNDA

Os orixinais serán presentados por sextuplicado exemplar en papel tamaño folio ou en holandesa, mecanografados a dobre espazo antes do 15 de abril de 2011 na Casa do Concello, Praza da Constitución,1 - 36680 A Estrada (Pontevedra)

TERCEIRA

Con cada orixinal que deberá ser presentado baixo lema, xuntarse, en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor ou autora, así como o título da novela.

Presentarase na plica unha declaración xurada conforme están ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social, e non están incurso en prohibición de percepción de obrigas públicas, e en xeral de cumprir os requisitos do artigo 13 da LGS 38/2003

CUARTA

A dotación económica será de 9.000 euros que se outorgará indivisiblemente nun único premio.

QUINTA

O xurado estará composto por cinco membros escolleitos entre recoñecidos persoeiros do mundo da cultura actuando un deles como secretario/a a proposta e en representación da Corporación do Excmo. Concello da Estrada. O premio concederase por maioría de votos.

SEXTA

A composición do xurado darase a coñecer no día, lugar e hora que se comunicará oportunamente.

SÉTIMA

Unha vez emitida a resolución do xurado procederase á apertura da plica gañadora no curso dun acto público na data e lugar que se anunciarán oportunamente.

OITAVA

O premio poderá ser declarado deserto.

NOVENA

Acto de entrega do devandito XXIII PREMIO DE NOVELA “MANUEL GARCÍA BARROS” (KEN KEIRADES), será no día, lugar e hora que se comunicarán oportunamente.

DÉCIMA

O Excmo. Concello da Estrada resérvase, durante o prazo de un ano, os dereitos de publicar a obra premiada, en todas as linguas do Estado, en formato físico ou dixital. Neste

sentido, o autor ou autora renuncia a favor do Concello da Estrada, na primeira edición en papel, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor

UNDÉCIMA

O caso da súa solicitude por escrito, enviaranse aos/ás autores e autoras e ao seu cargo, nun prazo de tres meses, aqueles orixinais non premiados. Transcorrido dito prazo serán destruídos.

DUODÉCIMA

A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como as decisións do xurado designado, que serán inapelables.”

Sometido o asunto a votación, resulta aprobado por unanimidade.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, RELATIVO Á APROBACIÓN DA BASES REGULADORAS DO PREMIO DE POESÍA “AVELINA VALLADARES”.

Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Cultura celebrada en data 24 de febreiro de 2011 que transcrito literalmente di:

“1.- 1.- Bases do Premio de Poesía “Avelina Valladares”

A Comisión de Cultura acorda por unanimidade informar favorablemente ao Pleno para a aprobación das seguintes bases:

BASES

O Excmo. Concello da Estrada e a Asociación de Consumidores e Amas de Casa Avelina Valladares, comprometidos/as e sensibilizados/as co proceso de creación cultural desexan contribuír á difusión da lírica galega, e ao tempo servir como estímulo para que novos/as autores/as percorran o complexo e en ocasións pouco agradecido camiño da poesía, esa arte literaria de minorías, que historicamente adquiriu en Galicia unha importancia superior ao resto dos xéneros.

Preténdese valorar o traballo do/a poeta, do médium das artes, do/a alquimista que tende a ponte entre dous mundos, entre a realidade e a imaxinación, o sólido e o volátil, a terra e o espírito, conseguindo en cada traballo o antigo soño de transformar o chumbo en ouro.

Do mesmo xeito, perseverar no cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e principal patrimonio cultural da nosa comunidade.

Por último, e non menos importante, colaborar coa divulgación da obra da poetisa estradense Avelina Valladares, auténtica precursora, xunto co seu irmán Marcial, do cultivo literario da lingua no século XIX, determinante no rexurdimento do noso idioma como vehículo artístico.

XV PREMIO DE POESÍA AVELINA VALLADARES

BASES

PRIMEIRA

Poderán concorrer ao Premio todos/as os/as autores/as de calquera nacionalidade que presenten os orixinais escritos acordes coa normativa oficial vixente en lingua galega. Os textos presentados deberán ser inéditos.

SEGUNDA

*Os orixinais serán presentados por cuadruplicado, con liberdade de tema e forma contando cun mínimo de 150 versos e un máximo de 400 antes do 15 de abril do 2011. Deberán ser remitidos ao seguinte enderezo: **XV Premio de Poesía Avelina***

Valladares. Excmo. Concello da Estrada. Pza. da Constitución s/n C.P. 36680 A Estrada (Pont).

TERCEIRA

Con cada orixinal, que deberá ser entregado baixo lema, xuntarase en sobre pechado o nome completo, enderezo e teléfono do/a autor/a.

Presentarase na plica unha declaración xurada conforme están ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social, e non están incurso en prohibición de percepción de obrigas públicas, e en xeral de cumprir os requisitos do artigo 13 da LGS 38/2003

CUARTA

A dotación económica será de 2.000 euros que se outorgará indivisiblemente nun único premio.

QUINTA

O xurado estará composto por tres membros escolleitos/as entre recoñecidas figuras do mundo da cultura propoñendo un/unha cada un dos grupos políticos representados na Corporación. Contará asemade con un/unha secretario/a, con voz e sen voto, en representación do Excmo. Concello da Estrada. O Premio entregarase por maioría de votos.

SEXTA

A composición do xurado darase a coñecer no día, lugar e hora que se comunicarán oportunamente.

SÉTIMA

Unha vez emitida a resolución do xurado procederase á apertura da plica gañadora no curso dun acto público na data e lugar que se anunciarán oportunamente.

OITAVA

O Excmo. Concello da Estrada resérvase o dereito de publicar os traballos premiados en formato físico e dixital, nunha antoloxía creada a tal efecto, sen apercibimento de dereitos de autor e compensando aos/ás autores/as con exemplares do volume que, no seu día, se puidese editar. No caso de publicación da obra polo/a autor/a, deberase facer referencia ao Premio obtido neste certame.

NOVENA

As obras poderán ser retiradas, previa solicitude por escrito, dentro dos tres meses posteriores á decisión do xurado. Pasado ese prazo serán destruídas. O Excmo Concello da Estrada non manterá correspondencia cos/coas autores/as dos traballos presentados nin asume responsabilidade ningunha pola eventual perda dalgún orixinal.

DÉCIMA

A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes Bases, así como as decisións do xurado designado, que serán inapelables.

Sometido o asunto a votación, resulta aprobado por unanimidade.

MOCIÓN DE URXENCIA

O Alcalde Presidente pon en coñecemento do Pleno que hai unha moción presentada por vía de urxencia, consensuada previamente entre todos os grupos políticos para que a súa presentación sexa conxunta:

A CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DA ESTRADA CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, a Corporación Municipal do Concello de A Estrada desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con motivo do oito de Marzo, traemos a este Pleno unha moción, na que facemos unha reflexión da situación das mulleres e pedimos un compromiso e comprometemos para seguir avanzando cara a igualdade real entre homes e mulleres nunha sociedade máis xusta e igualitaria con toda a súa poboación

Faise necesario que os Concellos, as Administracións máis próximas á cidadanía, acaden un Pacto de compromiso y de responsabilidade social, para erradicar as desigualdades entre homes e mulleres aínda existentes na nosa sociedade.

A Corporación Municipal considera que, a responsabilidade do privado sigue sendo, case exclusivamente, das mulleres, e senón acadamos que os homes compartan as responsabilidades familiares, as mulleres seguirán estando en clara desvantaxe. Porque a igualdade “real e efectiva” pasa pola incorporación das mulleres a un emprego de calidade nas mesmas condicións que os homes, e un reparto igualitario da esfera do privado, dos asuntos domésticos e dos coidados. Só cunha verdadeira corresponsabilidade entre homes e mulleres se equilibrarán realmente as oportunidades para elas e para eles

Conciliar a vida persoal, familiar e laboral é un reto pendente de resolverse. O reparto dos roles en función do sexo, na nosa sociedade, presupón que as tarefas domésticas e a atención as responsabilidades familiares correspóndelle á muller, mentres que o traballo produtivo remunerado correspóndelle ao home.

Polo que conciliar percíbese xeralmente como un asunto de mulleres, porque son elas as que padecen as consecuencias do mesmo, cando na realidade, trátase dun conflito social, cuxa solución depende do conxunto da sociedade.

Compatibilizar as responsabilidades familiares e profesionais e fomentar o reparto igualitario das primeiras entre homes e mulleres, é un obxectivo procurado polos organismos internacionais e nacionais que nos obriga a todas e todos.

Por iso, a corresponsabilidade entre homes e mulleres no privado, o acceso das mulleres ao mercado laboral e en postos de traballo de calidade, así como o empoderamento das mulleres no público, son os instrumentos que nos permitirán remover positivamente as estruturas sociais e avanzar cara o futuro.

A sociedade debe procurar atender ás diferenzas cualitativas das persoas que viven nela: os nenos/as, as mulleres, os/as anciáns/ás, as persoas discapacitadas, as persoas inmigrantes, etc. A sociedade debe proxectar todos os tempos e procurar ser igualitaria, conciliar os ritmos individuais cos colectivos.

Trátase de introducir medidas que produzan un cambio cultural e organizativo de consideración no seno das organizacións na sociedade no seu conxunto.

O traballo e os seus horarios son o centro da nosa vida, e iso contribúe a unha sensación de pouco control persoal da xestión do tempo propio, producindo desequilibrios e desigualdades entre homes e mulleres. A cultura empresarial continúa primando a presenza no centro de traballo, en lugar da consecución de obxectivos.

Desde a Corporación Municipal cremos que as **Políticas Públicas dos usos sociais do tempo**, fomentan a cohesión social, a paridade, a igualdade de oportunidades e a autoxestión do tempo propio; considerando o tempo como un dereito da cidadanía.

Estas políticas debe ser impulsada dende os concellos porque é de onde parte a posta en marcha das políticas de Igualdade para acadar que o enorme potencial humano, social e económico que significan as mulleres na sociedade, contribúa decisivamente a mellorar a nosa situación económica e a seguir avanzando en materia de igualdade entre homes e mulleres.

Por todo isto, a Corporación Municipal propón neste Pleno, para a súa aprobación si procede, a seguinte

MOCIÓN

- i) Impulsar o Segundo Plan de Igualdade do Concello da Estrada
- ii) Aplicar medidas de acción positivas que favorezan un comportamento corresponsable.
- iii) Impulsar redes de comunicación, coordinación e difusión das medidas de conciliación.
- iv) Repensar os horarios, apostando pola flexibilidade nos servizos públicos, a armonización dos tempos escolares e unha racionalización dos horarios comerciais para que sexan compatibles coa conciliación da vida profesional e persoal de mulleres e homes.
- v) Continuar na loita contra a feminización da pobreza, adecuando a resposta e os recursos ás diferentes necesidades dos colectivos de mulleres en situación ou risco de exclusión e estimulando o acceso aos recursos educativos, sociais e económicos.

En A Estrada, a 24 de febreiro de 2011

Asinado os portavoces municipais:

MANUEL OTERO ESPÍÑO - PSdG-PSOE
RAQUEL LÓPEZ DOCE - BNG
JOSÉ LÓPEZ CAMPOS - PP
JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS – NON ADSCRITO
JUAN TORRES ÁLVAREZ – NON ADSCRITO

Sometido a votación o contido da precedente moción, é aprobado por unanimidade.

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

4º.- DACIÓN DE CONTA E TOMA DE RAZÓN DOS INFORMES DE 17-11-10 E 08-02-11 DA TESOURERÍA MUNICIPAL EN RELACIÓN AO PREVISTO NO ARTIGO 4º, APARTADO 3, DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Dáse conta ao Pleno dos informes emitidos pola Tesourería Municipal respecto ao establecemento de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, que seguidamente se transcriben de forma literal:

“ASUNTO: Emisión do informe previsto no artigo cuarto, apartado tres, da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación de la Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais,

*En relación co asunto anterior, e en base os datos obrantes neste departamento, **INFORMO de que:***

PRIMEIRO.- De conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 15/2010, este informe se refire ós contratos celebrados con posterioridade á súa entrada en vigor, é dicir, con posterioridade ó 7 de xullo de 2010. Salvo que no expediente de contratación conste outra data da que poida ter coñecemento esta tesourería, tómase coma data de referencia a data de expedición que figure na correspondente factura, sempre de acordo cos datos que poidan obterse da contabilidade municipal. Así mesmo, de conformidade con artigo terceiro, apartado tres, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas será dentro dos cincuenta e cinco días seguintes á data de expedición das certificacións ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sendo este prazo de cincuenta días dende o 1 de xaneiro de 2011.

SEGUNDO.- Que baixo as premisas anteriores, e consultadas as obrigas pagadas e pendentas de pago na contabilidade municipal á data de 7 de xaneiro de 2011, incumpríuse o prazo de 55 días para o pago efectivo establecido no artigo 200 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público respecto dos seguinte número e cuantía global de obrigas:

Número total de obrigas pendentas: 103
Importe total destas obrigas: 48.595,45 €
 (desglose en anexo I que acompaña este informe)

TERCEIRO.- Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación Local deberá remitirse copia deste informe ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ós da Comunidade Autónoma que, con arranxo á normativa autonómica, teñan competencia na materia.

O que poño en coñecemento da Alcaldía do Concello para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.

A Estrada, 8 de febreiro de 2011

O tesoureiro

Julio Fontaíña Couso

ASUNTO: Emisión do informe previsto no artigo cuarto, apartado tres, da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación de la Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais,

En relación co asunto anterior, e en base os datos obrantes neste departamento, **INFORMO de que:**

PRIMEIRO.- De conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 15/2010, este informe se refire ós contratos celebrados con posterioridade á súa entrada en vigor, é dicir, con posterioridade ó 7 de xullo de 2010. Salvo que no expediente de contratación conste outra data da que poida ter coñecemento esta tesourería, tómase coma data de referencia a data de expedición que figure na correspondente factura, sempre de acordo cos datos que poidan obterse da contabilidade municipal. Así mesmo, de conformidade con artigo terceiro, apartado tres, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas será dentro dos cincuenta e cinco días seguintes á data de expedición das certificacións ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

SEGUNDO.- Que baixo as premisas anteriores, e consultadas as obrigas pagadas e pendentes de pago así coma as facturas rexistradas na contabilidade municipal á data de 7 de outubro de 2010, incumpriuse o prazo de 55 días para o pago efectivo establecido no artigo 200 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público respecto dos seguinte número e cuantía global de obrigas:

Número total de obrigas pendentes: 9

Importe total destas obrigas: 7.932,92 €

(desglose en anexo I que acompaña este informe)

TERCEIRO.- Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación Local deberá remitirse copia deste informe ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ós da Comunidade Autónoma que, con arranxo á normativa autonómica, teñan competencia na materia.

O que poño en coñecemento da Alcaldía do Concello para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.

A Estrada, 17 de novembro de 2010

O tesoureiro

Recibín o informe,

Julio Fontaíña Couso

Jose Antonio Dono López”

O Pleno queda sabedor.

O alcalde

5º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE DECEMBRO DE 2010. Polo Alcalde- Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 1229 e 1493 correspondentes ao mes de decembro de 2010.

O Concello queda sabedor.

6º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE XANEIRO DE 2011 Polo Alcalde- Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 1 e 36 correspondentes ao mes de xaneiro de 2011.

O Concello queda sabedor.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sra. Goldar Soto, do PP: Boa noite. Eu quería facer unha pregunta dado que soamente nos queda un Pleno, pois para facelo un pouquiño con tempo e prever isto. Hai algún Pleno antes de maio, de cando é o acontecemento. Que se hai algún programa pechado para a Festa do Salmón, se teñen algo deseñado algo, ¿ aínda non?. Ben entón aínda non teñen previstas ningunha actividade que se poida facer, vamos, teñen idea pero aínda non hai nada pechado ou sexa que está aberto a posibilidades pregunto. Si, ben , entón por parte deste grupo municipal facéndose un pouco eco dunha proposta que nos parece interesante por parte da Peña Ciclistas Bike-Estrada, era o feito de ver a posibilidade dado que esta Festa do Salmón vai coincidir coa Ruta Ciclista do Salmón do quince de maio e estiman que máis ou menos poida haber unha participación de 200 ciclistas, entendo que podería ser axeitado para darlle máis pulo á festa e animar á xente a que participe e veña á vila distintos programas de actividades ou cando menos de atracción para que a xente que participa na ruta ciclista se acerque ao centro da vila, porque polo que teño entendido, ata o de agora pois ben, organizábase algunha cousa no pavillón pero fóra do entorno da vila. A xente vai ata alí despois xa se marcha, non se anima a subir á vila e podería ser interesante que coincidindo precisamente con que hai a Festa do Salmón que supoño que se terá previsto poñer algún tipo de carpa, organizar algún tipo de actividade paralela. Este grupo tamén o propón para que se tome en consideración que ao mellor se puidese unha vez que se negocie cos hostaleiros que vaian a poñer unhas tapas ou ofertar degustacións, dúas cousas, ou ben para que esta xente veña á vila e se anime a tomar un café, que estea por aquí, logremos encantalos coa beleza da vila e co noso bo facer e estar, pois a estes participantes, pois pódese negociar con algún establecemento que interese a uns prezos económicos, pois ao mellor facerlles a comida en vez de onde se facía, no pavillón, pois ao mellor con tempo xestionalo para que se faga dentro da vila e así a xente se quede aquí dentro, as familias veñan; os cativos vaian aos xogos infantís que se poidan propor, ou á feira, ou senón cando menos que se emitan uns tikets ou uns abonos de degustación pois máis que nada atraer xente á vila. Cremos que é unha proposta interesante e que pode axudar bastante a dinamizar e un pouco axudar a darlle vida á festa. Queríamos que se tomase en consideración e que se contestase se se pode facer, se se vai ter en conta en todo caso tamén para que eles se poidan organizar de algunha maneira e transmitirille aos participantes e animalos a vir máis con tempo suficiente. Ben non sei se teñen resposta.

Sr. Sanmartín Obelleiro do PSdeG - PSOE: Poñereime en contacto eu con eles para falar do tema e para quedar.

Sra. Goldar Soto do PP: Non, se quere pode falar comigo, non hai ningún problema, eu teño o meu teléfono tamén. Non é cuestión de representante, o que pasa é que eu como concelleira podo remitir unha proposta. Eu non teño ningún problema en remitirlos a vostede directamente pero entón teñen previsto colaborar de algún xeito?

Sr. Sanmartín Obelleiro do PSdeG - PSOE: Esa é unha das múltiples actividades que se poden programar para ese día, vanse programar moitas. E agradézolle a iniciativa, así que, que se poñan en contacto con nós para ver a maneira de artellar iso, simplemente é iso; para darlle corpo.

Sr. Castro Blanco do BNG: A min simplemente con respecto á comida da que falaba vostede para os participantes nas probas do Salmón e na Rapa das Bestas cando procede, o Concello xa colabora porque é quen paga a comida, é importantísimo, habería que estudar. Tanto dende o Departamento de Deportes como dende o de Cultura; no caso de Cultura incluírono na axenda e dende Deportes pois de ver como se pode articular algún tipo de vantaxe para atraer o máximo de xente relacionado con este deporte á vila, evidentemente, estaremos en contacto pero ben se eles se poden poñer en contacto con nós pois mellor porque así poderemos perfilar que é o que queren exactamente e todo iso.

Sra. Goldar Soto do PP: Ben, moitas grazas, de todas maneiras o que queren exactamente eu xa máis ou menos llo deixei claro. De todas maneiras, que perfilen con vostedes os detalles perfecto, e eu remitirei tanto a Cultura como a Deportes, ben. Entón pregunto, ¿vai haber colaboración?. E o tema da comida o que non interesa tampouco é que teñan que adiantar eles os cartos. Eu dígollo porque tamén efectivamente se colabora, pero home, non e o mesmo que lle poidan dar uns tikets aos participantes comprende.

Sr. Castro Blanco do BNG: son cuestións complexas.

Sra. Goldar Soto do PP: Si, complexísima, ben, por iso é complexo porque quitou vostede o tema, pero por iso mesmo o digo que con respecto aos cartos da comida, eu quéro lle dicir que non é o mesmo que teñan que adiantar os cartos e que despois ao mellor teñan que ser eles os que teñan que estar xestionando ese cobramento coas distintas empresas que sirvan esas comidas ca que o xestione o Concello. Outra pregunta, isto tamén é un rogo. É se se pode facer un seguimento na Estrada, ben que vai diso, de Santiago á Estrada, ao pasar o restaurante de Couso, no cruce que hai para coller para a ponte colgante, hai alí unha parada de bus, onde hai un colector. Particularmente hoxe o colector hoxe está baleiro porque se recolleu o lixo onte, pero dáse a circunstancia; hai bastantes queixas dos veciños desa zona de que con habitualidade as fins de semana precisamente onde está ubicado, non soamente se serven dese colector os propios veciños senón tamén xente que pasa pola estrada e van deixando alí o lixo e prodúcense acumulacións moi importantes, entón se se puidese xestionar quizais en vez de recoller o lixo só un día pois ao mellor recollelo dous días á semana porque este punto en particular é bastante conflitivo.

Sr. Otero Espiño do PSdeG - PSOE: Imos ver por un ámbito no que se produza converxencia de lixo en varias rutas, intentaríase estruturar todo o tema da recollida... pero é máis plausible para o Concello ubicar máis colectores alí, pero digo, non teño coñecemento de ningunha queixa de ningún veciño en ningún momento

Sra. Goldar Soto do PP: Na medida do posible por iso digo. Pois eu si que teño coñecemento e por iso llo digo, e non lle pedín outro colector porque como levo para Guimarei pedindo para o lugar de Campos moitos pois xa non me atrevía tampouco a pedir un colector para o lugar, pero ben, tamén me parece axeitado se quere.

Sr. Reboredo Baños: Ben, nós queremos facer, non sei se é unha pregunta ou é un rogo porque é bastante complicado. Vou felicitar á señora concelleira de Facenda por cumprir os seus compromisos de aprobar os orzamentos antes do trinta e un de decembro como viña dicindo e dixo reiteradamente. Se ben é certo que hoxe entrounos unha proposta, entregounos un borrador do conto de traballo. Eu case lle vou facer un rogo, e llo fago con todo o cariño e con todo o respecto. Estamos en marzo, estamos a día tres de marzo, en vista de que temos un proceso electoral á volta da esquina, quedan dous meses e medio, e en vista de que os Orzamentos non van a ser aplicables, non van a contribuír na primeira parte do ano a resolver aqueles problemas de aforro enerxético, de cambiar bombillas e máis gasolinas e demais, eu case lle pediría que non seguisse traballando nos orzamentos e os deixe para o próximo concelleiro para que poida o novo Goberno que entre executar o seu Orzamento porque creo que vostede non o vai a executar e polo tanto herdar o próximo candidato, o alcalde, herdar unha fantoxa así, a estas alturas non paga a pena.

Sr. Alcalde: Ben, non sei se a señora concelleira vai executar o Orzamento pero vostede seguro que non; non sei se vai ser Maribel ou non, pero vostede seguro que non. Ben, algunha pregunta máis.

Sr. Ruíz Ferro do BNG: Non contestamos a isto?

Sr. Alcalde: Eu creo que xa está contestado

Non habendo máis intervencións, e ao non efectuarse intervención ningunha por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas e quince minutos.

A Estrada, 3 de marzo de 2011

A secretaria.

Asdo.: Marta Cajide Barbeito

